

2023/E001/000008

ASUNTO: ACTA DO TRIBUNAL NOMEADO PARA LEVAR A CABO O PROCESO DE SELECCIÓN POR CONCURSO DE MÉRITOS PARA DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, PERSOL LABORAL FIXO, DO CONCELLO DE SOBRADO

(EXECUCIÓN DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. D.A. 6ª E 8ª DA LEI 20/2021).

Sendo as 11:30 horas do martes 4 de xuño de 2024, reúnese no salón de plenos do Concello de Sobrado, os membros do Tribunal de selección e cualificación que a continuación se relacionan, para levar a cabo a valoración dos méritos profesionais e dos méritos académicos ou formativos presentados polos aspirantes admitidos no proceso de selección para a cobertura de dúas prazas de auxiliar administrativo/a do Concello de Sobrado.

Presidente: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira de administración local.

1º Vogal: Mónica Seijas Rey, funcionaria técnica A2, de administración local.

2º Vogal: José Luís Guerra Ferreiro, funcionario administrativo de administración local.

Secretaria: Mª Ermitas Sánchez González, persoal laboral fixo A2, de administración local.

Unha vez incorporados á reunión do Tribunal e sendo as 11:35 minutos, comeza a valoración de maneira individual dos méritos profesionais e de formación debidamente aportados polos aspirantes admitidos.

Sendo as 12:05 horas, e unha vez rematada a valoración individual de todos os méritos profesionais e de formación que foron debidamente aportados por todos os aspirantes admitidos, outórgase por unanimidade do Tribunal as seguintes cualificacións sobre un máximo de 100 puntos, tal e como establece a Base oitava do presente proceso de selección, sendo:

“A) Méritos profesionais. (Máximo 70 puntos)

A.I- Por servizos prestados no mesmo corpo, escala, categoría ou equivalente no concello convocante: 0,60 puntos por mes completo ata un máximo de 70 puntos.

A.II- Por servizos prestados no mesmo corpo, escala categoría ou equivalente noutras administracións públicas: 0,35 puntos por mes completo ata un máximo de 70 puntos.

B) Formación profesional. (Máximo 30 puntos)

B.I- Formación convocada por Administracións Públicas ou homologadas, relacionada coas funcións a desenvolver, 0,75 punto por hora, máximo 30.

B.II- Titulación académica superior a requerida, 3 puntos”

CUALIFICACIÓN

Prazas: 2 Auxiliar Administrativo/a						
Apelidos e nome	DNI	Méritos Profesionais		Formación		Total Puntuación
		A.I.	A.II	B.I.	B.II.	
Boado Vázquez Mª de los Ángeles	***0178**	-	-	30	-	30
García Arce Mª de los Ángeles	***2019**	-	70	30	-	100
García Torres Mª Elisa	***2678**	-	4,2	30	-	34,2
Cabanas Sánchez Víctor Manuel	***0606**	70	-	30	-	100
Cornado Rodríguez Lucía	***5693**	-	-	30	-	30
Otero Rodríguez Patricia	***8974**	-	-	30	-	30
Pedreira Varela Sonia	***6511**	-	68,6	30	-	98,6
Penas Soto Belén	***2731**	-	62,65	30	-	92,65
Pérez Martínez Mª Guadalupe	***1029**	-	70	30	-	100
Regueiro Rodríguez Mª Elena	***9071**	-	-	30	-	30
Rodríguez Cabañas Miguel	***3685**	-	9,10	30	-	39,1
Vázquez Pais Ana Mª	***6850**	-	13,3	30	-	43,3
Vázquez Sánchez José Antonio	***5113**	70	-	30	-	100
Vázquez Rúa Remedios	***0397**	-	16,10	30	-	46,10
Viñas Mayo Rubén	***9158**	-	-	30	-	30

Ordeadas por puntuacións obtidas, de maior a menor e tendo en conta a base décima e a décimo cuarta:

“DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. Á cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.
2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios e na páxina web da corporación.
3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.
4. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase de conformidade cos seguintes criterios ata que se resolva:
 - 1º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado 1.A.
 - 2º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado 1.A.I.
 - 3º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado 1.A.II.
 - 4º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado 1.B.I.
 - 5º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado 1.B.II.
 - 6º.- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
 - 7º.- En caso de infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a prol da muller. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
 - 8º.- De persistir o empate, este resolverase por sorteo

DÉCIMO CUARTA.- BOLSAS DE EMPREGO

As/os candidatas/as que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha bolsa de emprego, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, para os efectos de seren nomeados ou contratados/as como persoal funcionario interino ou laboral temporal respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello vixentes e normativa de concordante aplicación. Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente, e non superando este, obteñan unha puntuación mínima que se considere suficiente (50% da puntuación total).”

Puntuacións 2 Auxiliares Administrativo/a						
Apelidos e nome	DNI	Méritos Profesionais		Formación		Total Puntuación
		A.I.	A.II	B.I.	B.II.	
Cabanas Sánchez Víctor Manuel	***0606**	70	-	30	-	100
Vázquez Sánchez José Antonio	***5113**	70	-	30	-	100
García Arce M ^a de los Ángeles	***2019**	-	70	30	-	100
Pérez Martínez M ^a Guadalupe	***1029**	-	70	30	-	100
Pedreira Varela Sonia	***6511**	-	68,6	30	-	98,6
Penas Soto Belén	***2731**	-	62,65	30	-	92,65

Á vista das puntuacións e tendo en conta as bases reproducidas anteriormente, e unha vez aplicados os criterios de desempate establecidos nas bases, o Tribunal propón o nomeamento como auxiliares administrativos os dous candidatos seguintes: **Víctor Manuel Cabanas Sánchez, con DNI: ***0606** e a José Antonio Vázquez Sánchez, con DNI: ***5113**.**

Recordando o establecido nas bases da convocatoria:

“DÉCIMO SEGUNDA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS OPOSITORES APROBADOS

1. A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, conterá unha advertencia recordándolles ós opositores aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ó posto convocado.
2. Os aspirantes propostos disporán dun prazo de 20 días hábiles, contados dende a publicación da relación de aprobados, para presentar os seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas dos mesmos:
 - a) Documento nacional de identidade.
 - b) Título académico esixido para o ingreso.

- c) *Certificado ou informe médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defectos físicos e/ou psíquicos que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido por facultativo/a do Servizo Galego de Saúde ou similar que lle corresponda.*
- d) *Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administración públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*
- e) *Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.*
3. *Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.*
4. *Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario de carreira ou como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.*

DÉCIMO TERCEIRA.- NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN

1. *Concluído o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoal laboral fixo, pola alcaldía - presidencia, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.*
2. *A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a alcaldía - presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa toma de posesión ou formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal de nomeamento.*
3. *A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento; de non facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes. No caso de persoal laboral fixo procederase á formalización do preceptivo contrato de traballo no prazo indicado.*
4. *Os postos de traballo vacantes que se van cubrir como consecuencia destes procesos selectivos adjudicaránse pola alcaldía – presidencia tendo en conta as peticións das persoas interesadas.”*

Tendo en conta a Base décimo cuarta da convocatoria forman parte da bolsa de emprego:

Bolsa de emprego: auxiliar administrativo		
Apelidos e nome	DNI	Total Puntuación
García Arce M ^a de los Ángeles	***2019**	100
Pérez Martínez M ^a Guadalupe	***1029**	100
Pedreira Varela Sonia	***6511**	98,6
Penas Soto Belén	***2731**	92,65

Non habendo máis asuntos que tratar remata a reunión en Sobrado ás 12:45 horas.

O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, significándolle que dacordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a presente, que non pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico do que o ditou (alcaldía).

Trascorridos tres meses dende a interposición do recurso sen que recaese resolución, poderase entender desestimado o recurso.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercitar outro recurso que estime procedente.

Asinado dixitalmente ao marxe

O presidente

Vogais

A secretaria